

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2021

Ás 10:00 horas do día 27 de abril de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 22 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez, suplente

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. José Ángel Otero Lamas, xefe da Área de Investimentos

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L.
2. GRUPO CONSIDERA, S.L.
3. INNOVACIÓN Y DESARROLLO LOCAL, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:40	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA94B-C5D688-5AE584-JC3C71-K4JULB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4. UTE EVERIS INGENIERÍA, S.L.U. - SERVICIOS INTEGRALES DE CONTRATACIÓN E INTERMEDIACIÓN DOMINUS, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 65%-35%, respectivamente)

b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. AUREN CONSULTORES SP, S.L.P.:

- DEUC: ao declarar a súa solvencia técnica relaciona varios contratos que abarcan máis dunha anualidade, polo que non se pode deducir o importe concreto executado en cada anualidade para os efectos de comprobar se posúen a solvencia técnica esixida no apartado 5C do Anexo I -FEC- do PCAP. En consecuencia deberá presentar un novo DEUC, ben detallando o importe executado de cada contrato en cada anualidade ou ben cumprimentando a pregunta recollida na parte IV: Criterios de selección, a: *Indicación global relativa a todos los criterios de selección Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos*, sen necesidade de detallar a súa solvencia.
- Anexo II: en relación coa subcontratación de servidores, non indica nin o nome ou perfil empresarial da empresa a subcontratar, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica dos subcontratistas, nin a ubicación dos servidores e a localización do lugar de prestación dos servizos relativos aos mesmos, polo que deberá presentar un novo Anexo II no que indique os aspectos esixidos no PCAP.

2. UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 65%-35%, respectivamente):

- A documentación presentada pola terceira que pon a súa solvencia a disposición da UTE, D^a. Marta Bescansa Rodríguez, non está asinada dixitalmente, polo que a súa sinatura non é válida. Para poder emendar a documentación presentada deberán achegar o DEUC e o Anexo III asinado dixitalmente por D^a. Marta Bescansa Rodríguez.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto anterior conceder un prazo a dous dos licitadores para que poidan emendar a documentación persoal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:40	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA94B-C5D688-5AE584-JC3C71-K4JULB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:40	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA94B-C5D688-5AE584-JC3C71-K4JULB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		